

## PLENO

**ACTA 2020/06 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 08/06/2020.**

Celebrada a distancia a través de videoconferencia ao abeiro do previsto no artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local considerándose como lugar de celebración aos restantes efectos o salón de sesións da casa do Concello ás 9:30 horas, asisten:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

A fin de garantir a publicidade da sesión habilitase desde o concello a transmisión do mesmo en directo a través do canal Youtube facendo público o enlace a través da web municipal, sen prexuízo da grabación do mesmo e posterior difusión a través do mesmo canal.

Actúa como secretario do Pleno o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

## I PARTE RESOLUTORIA

## PLENO

- 1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.
- 2 Aprobar, se procede a modificación da Ordenanza Fiscal da Taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais (EXP. 2020/G016/000001).

Seguidamente o alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**I PARTE RESOLUTORIA**

- 1 **Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.**

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que a convocatoria deste pleno demostra unha vez máis a nulidade de pleno dereito da sesión do pleno celebrada o 18/03/2020, xa que todas as sesións que se fixeron posteriormente se fixeron por vídeo conferencia. Hoxe o concello publica no BOP unha resolución no que se fai referencia ao efecto positivo das vídeo conferencias e sen embargo ese pleno celebrouse presencialmente a porta pecha polo que consideramos que é nulo de pleno dereito.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que van a ratificar a urxencia da convocatoria.

Intervén o Sr. Alcalde para lembrarlle a D. José Manuel Mirás Pulleiro que o que dixo non está dentro da orde do día e en todo caso aclarar que cando se fixo ese pleno non estaba permitido realizar plenos telemáticos e se convocou en todo caso antes do estado de alarma.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a ratificación do carácter urxente da sesión a votación e o pleno por:

## PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos )

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) ratifica o carácter urxente da sesión convocada.

**2 Aprobar, se procede a modificación da Ordenanza Fiscal da Taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais (EXP. 2020/G016/000001).**

LOGO DE VER a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

“LOGO DE VER a providencia desta Alcaldía de inicio de expediente e proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais de data 29/05/2020

E DE VER os informes desfavorables da intervención e secretaría municipal de data 29/05/2020 e 4/6/2020 respectivamente sobre a mesma.

Considerando o interese público da introdución dunha non suxeición á taxa pola utilización da Piscina municipal na presente temporada coma medida de apoio ás familias trala crise sanitaria do COVID-19.

No uso das competencias que me confire o artigo 21.1 c) da lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 17 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, propono á adopción do seguinte acordo polo Pleno da Corporación:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais, de conformidade ca seguinte redacción:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

## PLENO

*Introdúcese a presente disposición transitoria:*

### **“DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

*Ata o 31 de decembro do ano 2020 establece a non suxeición á taxa prevista no artigo 2 a) da presente ordenanza a utilización da piscina municipal.”*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.*

2º) Proceder á apertura dun proceso de exposición ao público durante trinta días, mediante publicación de anuncio no BOP para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado e procederase a publicación do texto íntegro da modificación no BOP.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que van a votar a favor pese aos informes desfavorables do Secretario e do Interventor xa que esta se trata dunha situación excepcional que require de medidas excepcionais. É necesario en todo caso que o acceso á piscina se leve a cabo gardando as medidas de seguridade pero iso é outra cousa que non ten nada que ver co que se trata agora. En todo caso sinala que fai un mes acordouse convocar unha comisión informativa a fin de tratar as axudas ao comercio e as PEMES e sen embargo a día de hoxe non se convocou e xa están chegando os recibos do lixo, polo que solicitamos que se convoque canto antes.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que están dacordo en que se facilite o tema para os veciños, se

PLENO

podería establecer so unha exención ás familias, outra xente podería seguir pagando. O Concello de Oroso está a piques de rematar as obras da cuberta, e consideramos que se debe alongar a vida da piscina e fidelizar o uso polos veciños a fin de facer a inversión na cuberta rendible. Por outro lado se ten que ter en conta o intervalo de xente, os cupos, medidas de limpeza, o 14 de maio o Ministerio de Sanidade publicou un protocolo de como tiña que ser o uso das piscinas. Ao mellor se poderían habilitar zonas fluviais de baño, a Deputación debería colaborar nese aspecto. Tamén é necesario tratar o tema de si se vai autorizar o uso externo da cafetería, que non se pode prestar o servizo cara a fora se non que tería que ser so exclusivamente para dentro da piscina. Afirma que tamén lle gustaría saber si se van a manter actividades culturais so no espazo da piscina ou se van a facer noutros lugares do Concello. Teresa Cendal trouxo fai pouco unha solicitude de exención das plusvalías que tamén suporía unha axuda pero foi rexeitada. Intervención no seu informe di que temos un déficit de 500.000 euros e imos ter que aprobar un plan económico – financeiro, neste sentido poderíanse reducir as dedicacións exclusivas dos concelleiros, eliminarse o persoal eventual, axustar os contratos de mantemento da luz e doutros servizos, reducir os alugueres de oficinas como a de urbanismo, que non se externalice a redacción de proxectos....en todas esas medidas e noutras se podería aforrar. A súa mala xestión económica queda patente con esta situación.

O Sr. Alcalde sinala que en resposta á intervención de Alexander Doval ten que dicir que os recibos do lixo están a chegar porque para que non chegasen se tería que ter modificado a ordenanza en novembro, polo que agora xa non se pode facer nada. En canto a comercio se lle está a apoiar desde o primeiro día, facilitándolles material que doutro xeito terían moi difícil de conseguir. En todo caso estamos a esperar porque a Deputación vai a conceder unha axuda e queremos esperar a ver o conceden. En todo caso considera que o que o Concello pode aportar será pouco para o comercio e que teñen que arrimar o ombro a Xunta e o Estado, xa que o que poida dar o concello, lamentablemente non lles vai a chegar para nada.

## PLENO

En canto ao dito por José Manuel Mirás Pulleiro, o Sr. Alcalde considera que a situación económica do Concello é fenomenal e puidemos resistir perfectamente a pandemia. O feito de que esteamos a superar o teito de gasto é unha consecuencia da normativa totalmente incoherente que temos. Tamén considera incoherente que o Sr. Mirás Pulleiro diga que se incrementen os gastos pero se baixen os ingresos. Afirma que tal como dixo noutro pleno había xente que estaba na súa casa sen traballar mentres o grupo de goberno estaba neste Concello traballando noite e día buscando EPIS. Afirma que non ten que renunciar ao seu soldo e que fará a doazóns que xa viña facendo pero que non as fai publicamente xa que non busca a publicidade. En canto ás actividades culturais se seguirán a facer na piscina igual que noutros lugares. Efectivamente o informe de intervención é desfavorable porque supón un recorte de gastos pero é en beneficio das familias. Imos facer mais temas de conciliación familiar, e en todo caso a situación económica do Concello é moi boa.

Intervén D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que D. José Manuel Mirás Pulleiro na súa intervención fixo referencia á praza de Chinto e o seu nome é praza Alexandre Bóveda.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que se non foi polo que inverteu neste Concello Chinto non seríamos a metade do que somos.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que igual que o Sr. Alcalde indica que se ten que facer un detalle coas familias neste caso, o mesmo consideramos que se ten que facer co comercio e os comerciantes, por iso solicitamos de novo que se convoque do xeito mais urxente posible a comisión de contas a fin de tratar as posibles axudas. En canto a outras cuestións sinaladas, considera que non son obxecto deste pleno, o noso grupo por exemplo xa manifestou en moitas ocasións que estamos en contra do imposto da plusvalía pero entendemos que hoxe non vimos a falar diso.

## PLENO

O Sr. Alcalde afirma que a comisión informativa convocarase cando a Deputación nos indique o contido e características da axuda que se vai a conceder. Considera que é demagogia falar agora de que lles están chegando os recibos do lixo, cando todos sabían que ían a chegar tendo en conta que para que non chegasen era necesario que se tivera modificado a ordenanza en novembro.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que Porto do Son que é un concello que se podería por características de poboación asemellarse ao noso fixo a semana pasada unha convocatoria de axudas por importe de 200.000 euros para PEMES.

O Sr. Alcalde responde que non se va a comparar con ninguén e que van facer o que teñen que facer pero ben feito. Os negocios tamén saben o que hai e xa se lles procurou material desde Concello.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP, 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos)

Abstencións: ningunha ( 0 votos ) adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais, de conformidade ca seguinte redacción:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL  
REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS  
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

*Introdúcese a presente disposición transitoria:*

**“DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

## PLENO

*Ata o 31 de decembro do ano 2020 establece a non suxeición á taxa prevista no artigo 2 a) da presente ordenanza a utilización da piscina municipal.”*

**DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente modificación da ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación  
íntegra no Boletín Oficial da Provincia logo da súa aprobación definitiva polo Pleno da  
Corporación municipal, e estará en vigor ata a súa derogación expresa.*

2º) Proceder á apertura dun proceso de exposición ao público durante trinta días, mediante publicación de anuncio no BOP para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado e procederase a publicación do texto íntegro da modificación no BOP.”

E non sendo outro o obxecto da convocatoria o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 10:01 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe. Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde e polo Secretario do Concello.

O Alcalde – Presidente  
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.